

A SOIDADE DO CANTANTE DE FONDO + CASCO AZUL

1639

Chris Marker

ESTREA EN NUMAX: 09.12.2025 | V.O.S.E.

A SOIDADE DO CANTANTE DE FONDO

La solitude du chanteur de fond | Chris Marker | 62 min | 1974
A cámara segue o cantante e actor Yves Montand durante os ensaios dun concerto especial que organizou para apoiar os refuxiados políticos de Chile en Francia. Recolle entrevistas a Montand, fragmentos de películas nas que actúa e gravacións de concertos conforman un retrato multifacético do cantante.

CASCO AZUL

Casque bleu | Chris Marker | 26 min | 1995
Un suxestivo testemuño dun ex membro dos chamados Cascos Azuis (forzas de paz da ONU) na ex Iugoslavia. Unha análise áspera e sen concesións que revela a incongruencia do exército dos cascos azuis, incapaz de protexer ás poboacións bosnias e fascinado polo exército serbio ata descoidar o seu deber de neutralidade en favor dos vencedores.



Un corredor de fondo cando o fondo do aire é vermello

Por François Waledisch, enxeñeiro de son

Máis que a unha carreira de fondo, que vai desde o regreso do cantante até o seu concerto único en apoio aos miles de chilenos no exilio, estamos ante unha competición de medio fondo cuxa intensidade vai en aumento. Desde a primeira sesión con Bobby, o seu pianista e “saco de boxeo” onde o espectáculo vai collendo forma, até o o remate, a película vai revelando a Montand como un mestre do espectáculo, sen eludir as escenas que amosan a vulnerabilidade do artista. Montand, artista polifacético, atravesa o filme: *crooner*, falabarato, farfallán, sensual, provocador, defensor das causas xustas, contraditorio... Chris Marker revélanos o retrato dun home, un corredor de fondo cando o fondo do aire é vermello.

Publicado en on-tenk.com

Casco azul

Por Magali Jauffret

A súa confesión recollida polo cineasta Chris Marker, que o encadra desde moi preto para non perder detalle da súa fermosa fala, é realmente abraiante. É un testemuño sobre o exército visto desde o interior, cheo de sentido e de verdade. Nel aparece todo: os *briefings* de posta en garda caricaturescos e xenófobos sobre “Iugoslavia”. O racismo básico dos suboficiais que falan do musulmán de acó e o bosnio daló. O tráfico de *kalachnikovs* por paquetes de Malboro. As matanzas de cans, non só organizadas para desfacerense dos animais vagabundos. Imaxinaban que os alistamentos estaban motivados por unha preocupación humanitaria ou polos dereitos humanos? O máis alucinante de François Crémieux é que a súa habilidade para a análise e a síntese acompaña dunha extraordinaria capacidade para tomar distancia de si propio. Faise reproches a si mesmo, fixa límites éticos, morais, por ter obedecido certas ordes. Así analiza friamente “a peculiar forma de excitación” que o embargaba canto ten a misión de recoller cadáveres nas liñas da fronte. Así confesa as mentiras ditas aos civís, mulleres e nenos, a súa impresión de telos estafado prometendo defendelos, cando a “ONU non fixo nada para axudar os oprimidos”. “Será difícil que me leven alí outra vez”, conclúe este monólogo dunha autenticidade e clarividencia absoluta”. “Xente disposta a oírte falar case unha hora sobre Iugoslavia, non hai moita”... dille finalmente a Chris Marker.

Publicado en “L’Humanité”, 2 de outubro de 1995

As contas rendidas da historia

Por Christine Van Assche

Casco azul sitúase na traxectoria dos retratos realizados por Chris Marker, como o do pintor Matta, os cineastas Tarkovski e Medvedkin... facendo tomar conciencia o espectador dunha certa situación sociopolítica e/ ou estética e paralelamente sobre a pertinencia dos propósitos, das obras de grandes personalidades. Despois de telo visto e escoitado, non podemos xa considerar da mesma maneira as contas rendidas da Historia.

Publicado en newmedia-art.org